

SUMAR FORZAS PARA VENCER O VIRUS

PRIMEIRAS MEDIDAS COVID-19

SOCIAIS

Ampliación do servizo de Teleasistencia, que chega xa a 2.700 persoas.

Reforzo dos servizos sociais dos concellos con 7 millóns de euros para a contratación de 280 profesionais da área social e 291.000 horas de servizo de axuda no fogar.

Difusión de recursos contra a violencia machista no confinamento e reforzamento do orzamento dos pisos tutelados e das casas de acollida.



Deputación
DA CORUÑA

APOIO AOS CONCELLOS

Anticipo extraordinario aos concellos de 38,4 millóns de euros dos impostos que teñen delegados na Deputación.

Aprazamento do cobro de impostos e suspensión temporal de embargos.

Teletraballo en todos os servizos da Deputación dando total soporte tecnolóxico aos concellos.

EMERXENCIA

Distribución de material de protección aos 93 concellos da provincia. En abril, primeira entrega de 230.000 máscaras.

Limpeza e desinfección de espazos públicos por parte dos bombeiros do Consorcio Provincial Contra incendios.

Cesión do IES Calvo Sotelo e colaboración coa UDC na cesión da Residencia "Elvira Bao" para dotación de bombeiros e persoal sanitario da área da Coruña.

Posta en marcha dun punto de apoio a transportistas en Sabón (Arteixo).

DINAMIZACIÓN ECONÓMICA

Restructuración dos Orzamentos 2020 priorizando o emprego e os servizos sociais.

Modificación das bases do Plan de Emprego Local (PEL) para as empresas que se acollesen a un ERTE ou cesasen na súa actividade no estado de alarma poidan pedir as axudas.

Deseño de novas estratexias para revitalizar o sector turístico co apoio aos entes de xestión e coa contratación de persoal técnico nos concellos. #ForoTurismoCovid19

CULTURA

Ampliación do programa da nova edición Rede Cultural até o 31 de marzo de 2021 e mantemento da programación propia con novas datas.

Apertura da biblioteca dixital con máis de 4.400 rexistros aos que poden acceder todas as persoas.

Apoio á revitalización do sector con axudas á contratación de persoal técnico cultural nos concellos.

dacoruna.gal

A Deputación
+ PRETO DE TI

Medidas tomadas co traballo conxunto de todos os grupos políticos representados na Corporación Provincial: PSOE, BNG, Partido Popular, Marea Atlántica e Alternativa dos Veciños.